

## Cine Saramago

O cineasta brasileiro Fernando Meirelles acadou recoñecemento universal coa súa impactante película *Cidade de Deus* no ano 2002, onde relataba a violencia irracional nos suburbios de Río de Xaneiro. Tres anos despois, rodou en Hollywood un corrosivo fresco sobre a corrupción dentro da industria farmacéutica, *O xardineiro fiel* ("The constant gardener"). Ambos filmes proceden de obras literarias. O primeiro deles está baseado nun texto de Paulo Lins, que se converteu nun fenómeno editorial no seu país, mentres que a segunda longametraxe parte dunha novela do afamado escritor británico John Le Carré. No seu último e ambicioso proxecto, Meirelles achégase, unha vez máis, á literatura, e fáino con altas pretensións dado o prestixio da novela adaptada. Trátase de *Ensaio sobre a cegueira* (1995), do Premio Nóbel de Literatura José Saramago.

A película, a punto de ser estreada en Estados Unidos co título de *Blindness*, conta cun importante cadro interpretativo formado por Julianne Moore, Gael García Bernal, Danny Glover e Mark Ruffalo; porén, a forza do seu reclamo reside na calidade literaria da obra de Saramago.

Se *Ensaio sobre a cegueira* fose obra pictórica, sería *A balsa da medusa* (1819) de Théodore Géricault; e se fose película, sería *El Ángel exterminador* (1962) de Luis Buñuel. Tanto na película como no cadro, os seus autores dispoñen aos personaxes das súas representacións nunha situación extrema, coa intenciónalidade de facer visibles as reaccións instintivas dos seres humanos, manifestándose unha involución da raza humana que retorna ás orixes, ao primeiro día da evolución. Como temática recorrente, José Saramago utiliza na súa obra o retrato de escenarios límites, tal é o caso de *A jangada de pedra* (1986), *Ensaio sobre a lucidez* (2004) ou *As intermitencias da morte* (2005). En todas elas, ademais de en *Ensaio sobre a cegueira*, o escritor pon en pé unhas alegorías nas que se desterran as normas que articulan as sociedades occidentais, de tal xeito que os homes e mulleres atrapados nese "caos" convértese en obxectos de exposición que un espectador observa fóra da súa rutina, o cal permite un distanciamento que agudiza o proceso de observación.

Digamos que nestas novelas de Saramago entra en xogo o concepto de desautomatización formulado polos formalistas rusos entre os anos 1915 e 1930, que estable-

ce que o individuo na rutina da súa vida cotiá automatiza a súa percepción, de tal modo que en moitas ocasións pasan desapercibidos para él feitos e acontecementos do seu propio entorno. En efecto, o papel da Arte consiste en renovar o sentido da vida, e provocar unha desautomatización da percepción. Como manifestaba Victor Shklovsky, a finalidade é dar unha sensación de obxecto como visión e non como recoñecemento. Saramago traslada os seus personaxes a uns universos ficcionais que resaltan unhas miserias que existen no noso mundo real, pero que non podemos percibir con tanta claridade por mor dese proceso nocivo da automatización.

En *Ensaio sobre a cegueira*, o escritor portugués transpórtanos a unha situación apocalíptica onde todos os habitantes do planeta, agás unha muller, sofren unha cegueira repentina. Sobre as ruínas dese mundo perfílase un contexto onde se remarcas as miserias humanas que o lector, desde a súa distancia como observador desautomatizado, capta con maior claridade. A historia é relatada por un narrador omnisciente; porén, aqueles pasaxes que recollen os momentos máis aterradores, veñen filtrados pola mirada da única muller supervivente a esa epidemia de cegueira, unha mirada que conta co privilexio de observar o comportamento dos individuos cegos, á vez que sofre tamén, en primeira persoa, as penurias dun mundo primario. A fin de contas, aínda que o universo que vemos retratado en *Ensaio sobre a cegueira* é froito dun exercicio imaxinativo, os comportamentos que teñen lugar neste contexto pertencen ao día a día da existencia humana, aínda que a nosa reacción consista en desviar a nosa mirada, ou simplemente en facernos pasar por cegos colocando unha venda negra diante dos nosos ollos.

### Ensaio sobre a cegueira

HÉCTOR PAZ OTERO



✻ "SECUENCIA CERO":  
ENTREVISTA CON JORGE  
GONZÁLEZ ESTÉVEZ / PÁG. III

✻ MOSTRA: ARTE E  
MAXIA TÁCTICA  
NO MARCO / PÁG. VI

✻ INDUSTRIA MUSICAL: NA  
PROCURA DA  
RENOVACIÓN / PÁG. VIII

# Arte na batalla

A cuestión das loitas ten sido teima para os artistas dende as orixes da cultura. Nas liñas que seguen daremos unha pinceladas arredor dunha segmentación da historia da arte, a cuestión da longa evolución da temática das batallas e das loitas na arte dende o mítico cara a un naturalismo cotián.

## Das míticas orixes

ROMÁN PADÍN OTERO

Calquera que recorde as iconas da cultura babilónica con eses enormes leóns alados, zigurats completando arquitecturas maxestosas e frisos de grifóns realizados en materiais policromados, recordará tamén esoutros representando vitorias certas ou apócrifas en batallas remotas. Esa cultura de dous mil anos antes de Cristo empregaba xa os eventos bélicos como medio de representación pictográfica máis salientable da súa identidade, e escenas como as conquistas de Sardanápalo servían para cubrir muros de palacios e murallas de cidades. Era aquela unha representación da batalla mítica e vinculada ao máxico. Daquela facían a representación dos deuses e as forzas supremas como compañeiras daquel pobo para manter a súa seguridade. Naqueles mundos o irreal mesturábase co cotián.

Ao longo da historia o tratamento da realidade e a mítica orixe do poder aparece representada en infinitas ocasións. O mítico aparece dende a propia consideración dos emperadores romanos co-



“24 horas 10 minutos”, de Salvador Cidrás.

mo deuses, ate a orixe divina dos monarcas absolutos, ou a investidura en loa relixiosa de emperadores “parvenues” como Napoleón I. As estatuas romanas do século I representan con sinxela sublimación as efixies dos gobernantes soldados como deuses en non poucas ocasións. Na época barroca os triunfos

dos Austrias foron retratados por Tiziano e Velázquez en cabalgaduras dispostas ao camiño da eternidade. Avanzado o tempo, o célebre cadro de Jacques Louis David da *Coronación* representa a un megalómano Napoleón entrando na eternidade en presenza atónita do papado.

Ese universo estético de Napoleón I ten sido suxeito dunha exposición no Musée des arts decoratifs de París. Nela, baixo os título de *Os símbolos do poder no imperio*, reuníronse unha pléiade de obxectos de uso cotián na corte. Mobiliario e porcelanas de Sévres decoradas con batallas do emperador representan os novos símbolos inspirados no clasicismo que fan as costas á gloria dun Napoleón separado o máis posible das iconas do poder borbónico anterior. Era aínda un poder baseado no mito.

O século XIX camiña separándose do mítico nas representacións das batallas na arte e achégase ao xeito de representar historicista. O xurista e maxistrado ferrolán José Luís Aulet Barros está a presentar arestora, editado pola Caixa Galicia, un libro no que se fai repaso das coleccións de porcelanas de Apsley House en Londres, a residencia do duque de Wellington e os seus herdeiros. Nas vaixelas da casa aparecen nin máis nin menos que as escenas da Guerra da Independencia española, con imaxes inspiradas na visita do militar á Coruña e outras partes de España. Esta forma de

BATALLA NA ARTE DO SÉCULO XXI É, SOBRE TODO, A REPRESENTACIÓN DA LOITA POR VIVIR O DÍA TRAS DÍA

facer arte en torno da batalla combina dúas calidades do século XIX: a importancia das obras de reprodución industrial como son as porcelanas e, doutra, o acercamento á representación da batalla na arte dende o punto de vista

historicista.

Non por causalidade no século XIX na maneira de salientar a vida privada, aparecen novamente nas artes os míticos heroes da antiga Babilonia. *A matanza de Sardanápalo*, pintada por Delacroix, representa unha loita con ton de interior e non con fondo épico, o cal será a peculiaridade da arte ate os nosos días. A ópera Nabucodonosor, de Verdi, é unha historia épica, mais narrada co ton de dúos e arias de diálogo da vida privada.

O século XX imposta a importancia do estilo das vangardas sobre as teimas bélicas. O *Guernica* de Picasso sería un exemplo visionario do tratamento da batalla na arte contemporánea. O que se ve é un drama humano, a perda da razón, a tolemia da violencia. *Lepanto*, a serie recentemente exposta no Prado, do pintor Cy Twombly, é asemade unha alegoría da loita na que prima a estética do expresionismo abstracto fronte ao mítico ou o narrativo.

Esa pertinencia dunha arte pola arte e converter en cotián o que está na distancia do tempo son caracteres da representación da batalla do século XXI.

## 24 horas 10 minutos

Nos nosos días moitos creadores teñen feito pezas acerca da batalla. Tomada esta como a circunstancia bélica, como as loitas dos sexos, como a violencia doméstica ou como o retrato do heroe contemporáneo anónimo na loita de sobrevivir aos tempos hipermodernos.

Thomas Hirschhorn fixo unha peza que recrea un campo de batalla en miniatura polo que se pode camiñar e que se espuxo no Musac leonés. En breve este artista estará creando unha nova peza de violenta estética no Marco de Vigo sobre as cabalgadas de San Carnal.

Shirin Neshat é outra artista que emprega nos seus refinados vídeos a relación e loita entre os sexos. Axiña as súas obras poderanse ver na Fundación Ellipse de Lisboa.

O artista galego Salvador Cidrás expón arestora a súa obra *24 horas 10 minutos* no Musac leonés. Trátase dunha serie de debuxos murais, unha instalación sonora e un vídeo feitos in situ coa persoal técnica realista de claroscuro identificativa do artista. Con tinta chinesa fai sublimes debuxos grandes como o día nos que trata os conflitos e dificultades da adolescencia como etapa seminal da vida. Ade-

mais, ten gravado unha xornada completa dun rapaz galego que traballa na construción e se erixe como heroe contemporáneo na loita por sobrevivir. Está filmado o traballo durante unha xornada do mozo, referindo no título a Pasolini. A peza retoma a idea de batalla cotián poñendo en valor o esforzo dun home so todo o día na contemporaneidade galega para saír adiante. A batalla na arte do século XXI ben son as desfeitas dos frontes de guerra, mais é sobre todo a representación da loita do cada día por vivir. Iso tratan as artes hoxe o cotián como batalla. Working girl!

## ENTREVISTA

*En que cambiou o festival dende os seus comezos, hai cinco anos, deica agora?*

-O obxectivo segue a ser o mesmo: dar á xente de Vigo a posibilidade de ver, durante tres días, unha pequena mostra do que ocorre no panorama audiovisual. O cambio que houbo ten que ver coas seccións; nun principio, o festival era só de documental e videocreación, pero como a xente mandaba tantísimas curtas de ficción, decidimos facer outro apartado para integralas.

*- Por que elixiron, nun principio, centrarse no documental e máis a videocreación?*

podería perfectamente ter cabida na programación semanal. Deste xeito, poderíanse coñecer traballos que a xente está amosando por canles menos oficiais, ou oficiais pero menos coñecidas.

*- Que criterios seguen para escoller as obras que finalmente se proxectarán e que entran en concurso?*

-Como o festival non ten ningún tema estrela, queremos que sexa variado. Por iso, intentamos escolmar as mellores obras que nos chegan, pero se hai tres moi boas de crítica social, temos que elixir só unha. É inevitábel, porque en tres días de proxec-

cións non hai tempo material para poñelas todas e queremos que teñan cabida todos os temas e estilos. Facer esta escolla é o que máis nos custa, pero tamén o máis entretido, porque é cando chegan as discusións, cando cada un ofrece o seu parecer.

*- A calidade dos filmes é boa, logo?*

-Éo. O que pasa que tamén sabemos que non pode competir igual un cortometrajista con poucos medios que outro que está superproducido, amparado por todos os lados e conta con actores coñecidos. Por iso no festival hai cabida para todos, para as "superproduccións" e para os

que contan con medios máis escasos, pero que sempre van ter algo bo: no guión, na historia... algo suficientemente especial como para que decidamos que ten que proxectarse.

*- Durante estes cinco anos, advertiron tendencias audiovisuais, canto a temática ou estilos, moi definidas?*

-Como nos chegan moitas obras, ao final sempre hai un pouco de todo, pero por regra xeral, e mormente no apartado de documental, sempre hai algún tema estrela que coincide coa actualidade: os malos tratos, a inmigración ile-



FOTO: ELI REGUEIRA

## Jorge González Estévez

# “Certames coma este serven de plataforma para os directores”

*O Verbum de Vigo acolle, do 23 ao 25 de outubro, o certame audiovisual Secuencia Cero. Organizado pola asociación do mesmo nome, á que pertence Jorge González Estévez, o festival quere ser un balcón aberto dende o que amosar ao gran público as novas tendencias que están a xurdir nos eidos do documental, a videocreación e a curtametraxe de ficción.*

-Precisamente porque había moitos certames de curtametraxes, pero moi poucos dedicados a estourtras categorías do audiovisual. É verdade que xusto despois de nós comezarmos co festival, naceron outros do mesmo estilo. Parece que tivemos a mesma idea en varios sitios ao mesmo tempo. Pero como xa dixen, chegáronnos tantas curtas de ficción, que non puidemos negar a evidencia e tivemos que abrir un novo apartado. De feito, é sempre o que máis participación ten.

*- Quizais a maior dificultade que atopan os directores deste tipo de obras é que o seu traballo chegue ao gran público...*

-De aí a importancia de festivais coma este. É que é diferente un premio literario que un audiovisual. No literario, só o xurado le a obra; porén, aquí hai tres gañadores, pero vense quince ou vinte filmes, e, loxicamente, o obxectivo de calquera que faga audiovisuais é que se vexa a súa obra dun xeito ou doutro. Este tipo de certames serven tanto de balcón como de plataforma para os directores: dos gañadores, e mesmo daqueles que non gañan, algún sempre chega á televisión. Na rede xa se está, pero a televisión segue tendo máis público.

*- As canles terían que darlle, logo, maior cabida a este tipo de producións...*

-Eu penso que si, porque hoxe en día hai produción dabondo, e de calidade, que

gal,... Tamén se pode destacar o feito de que cada vez hai máis animación, que mesmo se incorpora nas curtametraxes de ficción, de tal modo que ás veces é difícil definir se é ficción ou se é animación. Ademais, vemos que realmente se avanza na forma de contar as cousas, con linguaxes máis modernas na montaxe, por exemplo.

*- A procedencia do xurado é variadísima: o vigués Alejandro Marzoa, o ceutí Abdelatif Hwidar, Jorge Tur Moltó, de Alcoi, e José Víctor Fuentes, de Las Palmas.*

-Son os gañadores do certame anterior. Acordámolo o ano pasado, e pareceunos unha boa idea. Por unha banda, é unha oportunidade para eles de estar dentro da cerna, e por outra, a nós alivianos de traballo, de andar buscando xente que acceda a ser xurado. Estamos moi contentos da decisión, e eles están amosando moito interese.

*- Ademais da audiovisual, no festival teñen cabida outras artes?*

-Así é. Aproveitando o espazo que nos ofrece o Verbum, todos os anos invitamos a algún artista para facer na entrada do museo unha performance, unha videoinstalación.. Desta vez repiten Zaida Gómez e Julio Fernández Peláez, que presentarán "Tan preto e tan estraños". Ademais, o mago francés Cyrille Sinclair actuará o 25 de outubro, na clausura do certame.

## Roubo á conciencia

A *represión da masonería viguesa* de Luís Lamela García, que n nos ten ofrecido investigacións pioneiras sobre a represión franquista en Galicia, é un traballo rigoroso e fundamental nas novas achegas á historia local de Vigo, á da masonería e a da represión franquista. Lamela abre arquivos descoñecidos para darnos con vidas truncadas que evocan o marco democrático da II República, vidas de homes liberais e laicos, masóns que podían desenvolver a súa actividade abertamente despois da despenalización da masonería e que pertencían á unha burguesía media formada por avogados, médicos ou empresarios con solvencia económica. Introducímolos na historia da masonería viguesa en 1910 cando catro irmáns constitúen un Triángulo nos Vales de Vigo; así xurdiría Vigo nº 66. Nacerían despois outras loxas das que se nos ofrece como información o Cadro-Relación de irmáns masóns das loxas VIGO Nº 66, OLIVA Nº 308, VICUS Nº 8 e SER Nº 16. De seguido, mostránsenos as catro fases en que se desenvolveu a persecución e

*Rigoroso e fundamental*

MARGA ROMERO



represión da masonería viguesa a partir do golpe de estado de 1936. Salienta unha vez máis a figura do tenente da Garda Civil Francisco González Rodríguez, o *Rabioso*, un dos principais perso-

axes na represión exercida en toda a zona, están baixo a súa responsabilidade: os fusilamento de Antonio Carballo Vázquez, concelleiro por Izquierda Republicana, Ramón García Núñez, Gobernador Civil de Lugo e do mesmo partido co anterior; os paseos de Segundo Echegaray García e Incocencio Taboada Montoto, e a extorsión económica con grandes cantidades a outros moitos Irmáns. A partir do 15 de setembro de 1936, data na que se publica o primeiro decreto contra a masonería, a persecución dos seus membros é imparábel, e este traballo demostra como o franquismo converteu "o seu antimasonismo nun leitmotiv do seu réxime, coa acusación xenérica de contuber-

nio-masónico-marxista". O 1 de marzo de 1940 promúlgase a Lei para a Represión da Masonería e do Comunismo, que impuxo penas aos masóns vigueses que fan entre os 30 anos de reclusión maior até doce anos e un día de reclusión menor, represión que se exercía tamén coa inhabilitación absoluta e perpetua, sempre había unha sanción económica que podía chegar ao embargo das propiedades. Fundamental é o apartado "A Represión irmán a irmán" que, ademais de fornecer datos biográficos dos protagonistas, nos introduce directamente na lealdade ou na traición a través da documentación exhumada, das declaracións de encausados, dos seus comportamentos. Sobresae o caso de Otto Louis Schuneman que pon en relación directa o franquismo co nazismo. O traballo demostra claramente que a represión contra os masóns foi un roubo a (á) conciencia e que a masonería era un pecado cumpría eliminar.

LAMELA GARCÍA, Luís, *A represión da masonería viguesa*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2008, 262 páxinas.

## Como unha illa

*O estreito paso de Armark*

RAFAEL FERNÁNDEZ LORENZO

Con *Nove de novembro*, María Lado vén de acadar a X edición do Premio Avelina Valladares de Poesía, convocado polo Concello da Estrada e publicado por Edicións Fervenza. Con este, son tres os poemarios desta prolífica poetisa e moitas as colaboracións en revistas e libros colectivos. A ilustración da portada, obra de David Rubín, desafina e desentoa co contido, chegando a frear inicialmente o interese do lector. Non pasa o mesmo co limiar de Suso Bahamonde que arrinca con forza e entusiasmo preparando o camiño do que aínda falta por chegar. Neste libro María xoga a dúas bandas tras o cristal de freshnel determinando as diferenzas entre a luz das estrelas e as terrestres, que xuntas inflúen no movemento, na propagación da luz e das mareas. Xoga cadenciosamente con paralelismos entre a illa e os cetáceos, o amor e o desacougo, pero sobre todo coas páxinas cheas de auga, mar e placenta. Unha profunda simbiose de fertilidade amputada pola dor dunha cesárea.

A orixe de *Nove* foi lenta pero constante, o sedimento fecundou nunha peque-

na codia alá no fondo e en pouco tempo, Xonás xa levaba tres días dentro.

En novembro os baleeiros zarpan con trinta mariñeiros e navegan cara as zonas árticas, alí onde "o pastor dos cachalotes", Bernardino, guía polo estreito de Armark ao seu rebaño, pasando desapercibido. Alí onde o capitán Ahab persegue a Moby Dick, a gran balea branca. Alí onde as embarcacións atrapan aos baleatos máis pequenos pois saben que deste xeito os grandes virán a protexelos.

En *Nove* María dános unha lección de léxico mariño, con vocábulos e termos cheos de salitre, que cheiran a peixe

e a tabernas onde os homes reman no viño de morpheo.

Os versos de *Nove* están rodeados de auga como unha illa, como un barco que navega arrastrando o sufrimento da balea bai-

xo ondas, ondas de agonía amarradas con crueldade cara o porto, onde arriban guiadas polos faros mudos e cómplices do exterminio. Pero ás veces o leviatán esperta vingativo como un xigantesco monstro mariño e devora naves enteiras, embarcacións que naufragan e van a pique alá onde dormen os afogados.

No mes das Ánimas, alí por San Martiño, tocan as campás do purgatorio nove veces cada día.

O poemario ten un engadido adicional ou bonus track onde Alicia sente no seu corpo enteiro un estímulo breve pero intenso, unha luz chea de preciosos obxectos como cunchiñas invisibles, pequenos cortes no horizonte, máis alá do tempo, no país das marabillas onde o mar é un océano encantado.

Novembro de María, quedou en nove, sobresaínte merecido por todos estes meses navegando a bordo dunha illa deshabitada.

LADO LARIÑO, María, *Nove*, Ed. Fervenza, A Estrada, 2008, 56 páxinas.



## Caudaloso mergullo

*Co impulso das marés*

ROMÁN RAÑA

A poesía de Alexandre Nerium (Fisterra, 1960) é refractaria ao sentido do común. Quérese dicir, está desapegada do uso diario dos falantes e insérese no uso excepcional do poeta. A poesía, neste caso, é unha excepción, un caso á parte onde os vocábulos teñen vida propia, adquiren autonomía, emiten as súas propias mensaxes, instauran os seus propios códigos. Por iso o quefacer poético do noso autor garda o seu propio curso, cumpre as súas propias normas, establece os seus propios vínculos. E isto xa sucedía no seu primeiro libro, *Vogar de couse* (2003). O que agora comentamos, *Nocturnidade do sal* confirma esta tendencia.

Efectivamente, creo que o noso escritor é daqueles que máis se deleitan e desfrutan da propia sonoridade dos vocábulos, do seu poder eufónico, da súa transcendencia acústica. Por iso non estraña que os termos que utiliza sexan absolutamente inusuais na lírica galega. Palabras de estraña orixe, que remiten á zona xeográfica do autor, á Costa da Morte. Palabras que teñen o aroma do salitre, a forza do vendaval, o impulso das marés. De aí que a substancia resultante da substitución total ou parcial do hidroxenio dun ácido por átomos metálicos ou radicais encha de graza, de sabor preciso, todo o poemario: "fíxoseme/de sal/o que desíe" ou: "atardezo co sal/tras da xanela."



O volume divídese en dez partes, cada unha prece-dida dun breve texto en prosa que percibimos como sonetos de versos alexandrinos (salvo o dedicado a Carne, que son hendecasilabos). Os dous temas que abranxe son a percepción entusiástica da natureza e o fervor amoroso.

No aspecto formal chama a atención o uso de caligramas marítimos (homenaxe a Manuel Antonio), a brevidade dos versos, a invención de palabras ("sonétenseme"), o emprego de numerosos hipébatos e o caudaloso mergullo nos nomes mariñeiros. Desta fervenza nacen versos como os que seguen: "De prohibirte, argazo, o teu retorno ó cope (...)/ás avesas do arpón, nazan remoles (...)/é o sal quen te perdoa?" "Se acaso das ilesas axadas foras roce/e dos días sen orto engalgáran-te as quillas!" Amén.

NERIUM, Alexandre, *Nocturnidade do sal*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2008, 159 páxinas.

## LIBROS

## Monzó, por suposto

Lin por vez primeira a Quim Monzó vai agora para dezasete anos. Foi por volta dos inicios de 1992 e foi, ademais, en galego, pois poucos meses antes (en novembro de 1991) a sempre benemérita Edicións Positivas de Paco Macías e, daquela, aínda Xelís de Toro publicara unha tradución da novela *La magnitud de la tragedia* da que se responsabilizou Manolo Cortés.

Lembro perfecta-

*Sempre coa madeira xusta*

ARMANDO REQUEIXO

Literatura.

Naquel libro de hai case dez anos reuniu Monzó as historias que fora dando a coñecer con anterioridade en volumes individualizados; a saber: *Uf, va dir ell* (1978), *Olivetti, Moulinex, Chaffoteaux et Maury* (1980), *Lilla de Ma i a n s*

imposible. Os seus textos están inzados de bombas con retardo que un non descobre ata que chega á derradeira páxina. Non narra, condúcese por un labirinto de espellos. Non describe, desenfoca á mantenta o obxectivo para zarrapicar a visión. Non reproduce diálogos, coceteliza a oralidade torsionándoa nunha fragmentación selectiva.

Brutal, absurdo e irreverente, nada nin ninguén se salva da novocaina coa que embebeda ata a anestesia os seus retratos urbanitas, postsurreais e dendríticos. Uns atracadores despistados que por erro tentan asaltar unha cámara frigorífica dunha carnicería, unha parella que sifificamente tenta consumir o seu amor, un narrador que descobre que os seus escritos promonizan e aínda determinan o futuro propio... Todos os seres que poboan as súas historias destilan unha irrealidade verosímil, son unha quimera benhumorada e melancólica onde nada é o que parece porque todo é moito máis complexamente simple do que apunta.

O onírico intelixente de Borges, os espazos irreproducibles de Bioy, a prosa simbolizada de Cortázar, o ilusionismo imaxinativo de Calvino, a contundencia de Handke ou o posmodernismo de Barthelme vólvense no alambique de Monzó fluídos espirituosos que lembran as vidas nas que medrou a colleita, pero que, definitivamente, acaban por desembocar nun bouquet diferente, de aromas primarios inxeis, mais de efluvios secundarios e terciarios insospeitados, sempre coa madeira xusta, nin máis nin menos.

Perderse nas páxinas destes *Vinte e nove contos* tan acadamente trasladados á lingua de noso por María Xesús Lama é apostar a cabalo gañador, pois Monzó, por suposto, endexamais deixa indiferente e só defrontándose cos seus textos é posible recoñecerse, ou non, da súa universal parroquia.

MONZÓ, Quim, *Vinte e nove contos* (trad. M<sup>a</sup> Xesús Lama), Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2008, 226 páxinas.

(1985), *El perquè de tot plegat* (1993) e *Guadalajara* (1996). Desas obras foron extraídos os vinte e nove contos que se verten agora para o

AUTOR NON

NARRA,

CONDÚCESE POR

UN LABIRINTO DE

ESPELLOS

galego pola man adestradamente bilingüe de María Xesús Lama, quen consegue facer doado o ben difícil: lermos un catalán que semella galego de toda a vida, nos xiros, no fraseo, no léxico escolleito e nas reviravoltas e retruques mil de diálogos, paxaxes e descrições.

Monzó é un camaleón

## Ollada ortodoxa

Hai agora cinco anos publicou José María Díaz Fernández na editorial tresCtres un libro de temática moi compostelá: *Desde Santiago Personas y acontecidos*. Pois ben; na mesma casa editorial tira agora do prelo, o Deán e director do Arquivo da Catedral de Santiago, unha nova publicación na que recopila numerosos traballos nos que o eixo aglutinador por excelencia é o mundo do Apóstolo Santiago.

As páxinas do libro naceron moitas veces por mor dos encargos recibidos polo céengo nacido na diocese de Mondoñedo –no seu seminario deu inicio aos estudos relixiosos–, e que para congresos, exposicións ou peticións de mecenas alentados por don Paco del Riego, redactou moitas das páxinas que agora se reúnen nun volume, acompañados das fotografías de E. Lavandera Prieto, o autor de *La carrilana*.

O Deán do Cabido de Compostela, que tamén dirixe a Colección Histórico-Documental da Sé que Xelmírez converteu en arcebispado, fixa a súa atención na liturxia do Apóstolo e mais no famoso Códice Calixtino, no cada día máis comentado Camiño de Santiago, no Pórtico da Gloria, na patria de Camões, que sitúa como un dos santuarios da devoción o Apóstolo.

N0a súa valoración persoal destacan os artigos relacionados co Memorial de Quevedo e o tamén o titulado “El rostro de Dios manifestado en Cristo.” E, con razón, subliña que as páxinas dedicadas a Exeria, a monxa viaxeira, son as máis desligadas deste conxunto de evocacións eruditas, militantes, perfumadas ás veces dun fragor lírico.

O antigo profesor do Seminario de Santiago debuxa o perfil de varios arcebispos da cátedra compostelá con esa mesma paixón con que trazara a silueta de varios papas relacionados con Compostela en *Desde Santiago. Personas y acontecidos*. E a paixón acadada momentos extremos no artigo “Portugal y Galicia: Santiago como signo hermandador”, onde o autor asperxe auga

*Das xeirras do Apóstolo*

ESTRO MONTAÑA

bendita sobre o autor do chamado pola sabrosa *Historia Compostelana* “pío latrocínio”. Iso si, recoñece sempre don José María que a maioría dos historiadores portugueses ven con malos ollos o traslado con aleivosía e nocturnidade das reli-

UN VOLUME QUE ACADA OS MELLORES MOMENTOS DOS ESTUDOS RELIXIOSOS

quias de Santa Susana, San Silvestre e San Cucufate, mártires portugueses, que Xelmírez trouxo desde Braga deica Compostela, despois de pasar uns días con Xirardo, arcebispo portugués que chegaría a santo, sen que este tivera coñecimento da estratexia do bispo compostelán até que as reliquias cruzaron o Miño e foron levadas deica unha Compostela que recibiu a comitiva co repi-


car de alborzados sinos.

En torno a lo jacobeo é, xa que logo, unha obra que ven sumarse a esa inagotable biblioteca que, desde as máis variadas propostas, xorde en torno aos mitos do Apóstolo –mitos vivos e ben vivos, como se pode observar con só achegarse ás nosas estradas–. Coas teses de don José María poderemos estar ou non de acordo, pero temos que recoñecer que a súa formación e a súa capacidade de penetración están no máis alto do que os nosos estudosos relixiosos teñen acadado no último medio século.

Estamos diante dun volume, pois, onde a visión da historia está en consonancia cunha ortodoxia católica próxima á de historiadores como o profesor Alsina, e nas antípodas de libros como *Los mitos del Apóstolo Santiago*, publicado pola catedrática de Historia Contemporánea Ofelia Rey Castelao.

*En torno a lo jacobeo* é un libro patrocinado polo Consorcio de Santiago, que dalgún xeito manifesta unha dedicación profunda a temática xacobea e toda unha traxectoria vital de don José María Díaz Fernández

DÍAZ FERNÁNDEZ, José María, *En torno a lo jacobeo*, Ed. Consorcio de Santiago/ tresCtres, Santa Comba, 2008, 485 páxinas.



mente a impresión que me causara: unha mestura de estupor agradabilísimo e abraio admirativo. Como alguén era capaz de narrar sobre aquilo? E, o que era máis impresionante aínda, como era quen de facelo desa maneira?

Dende entón, Monzó figura entre as miñas preferencias literarias e, vou dicilo xa, como rendido seguidor seu non podo deixar de recomendar a lectura de toda obra que el asine.

Agora, Sotelo Blanco Edicións regálanos –regálanos a aqueles que nos sabemos da tribo de Monzó, xaora, mais os que aínda non o son teñen aquí unha oportunidade de ouro para iniciarse– coa tradución dunha antoloxía de relatos seus baixo o título de *Vinte e nove contos*. Case unha trintena de relatos que proceden, convén recordalo, dun volume compilatorio que o barcelonés editara en 1999, *Vuitanta-sis contes*, co que obtivo no 2000 o Premio Lletra d'Or e o Nacional de



**A** grande transformación. *Arte e maxia táctica*, a atractiva proposta que presenta o MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, até o 11 de xaneiro suxire uns vieiros analíticos que parten do mantemento e/ou recuperación da ligazón entre o máxico e o artístico no actual panorama artístico internacional.

O proxecto, solidamente estruturado no plano conceptual pola comisaria Chus Martínez, parte dunha liña de reflexión que desde os anos oitenta comeza a pór de manifesto as raíces irracionais, máxicas e mesmo esotéricas dunha parte importante da construción da modernidade estética desde as vangardas históricas. Neste sentido son exemplares as mostras *The Spiritual in Art. Abstract Painting 1890-1985* levada a cabo en 1986 e comisariada por Maurice Tuchman no Los An-



combinan un sentimento de superioridade eurocentrista cunha atracción por un Oriente sentido como unha reserva cultural pura, exenta da contaminación maquinista e industrial.

Desta tentación e delectación proceden a teosofía, a antroposofía, o ocultismo, o diálogo co alén, o espiritismo, a crenza en

### A Grande Transformación

CARLOS L. BERNÁRDEZ

mundos invisíbeis que conformaban este sincretismo espiritualista que tanto podía interesarse en propostas filosóficas de sólido peso como as de Nietzsche como sucumbir á impostura máis absoluta de figuras como a teósofa Helena Blavatski (1831-1891), que exerceu influencia abunda sobre a xeración simbo-

lista e as primeiras vangardas.

Esta tentación esotérica pódese rastrexar en moitos dos grandes nomes da arte do século XX e en diferentes liñas formais: de Duchamp a Breton, de Mondrian a Malevitch ou de Kupka a Kandinsky, todos en maior o menor medida tinxidos de misticismo e identificándose coa procura do absoluto que lles vai servir mesmo para a conformación da súa concepción da arte.

Todos estes fenómenos posúen unha vontade anti clásica, que ten moito que ver coa formación romántico-simbolista de moitos dos artistas á que moitos nunca renunciarán e que mesmo se irá agudizando co tempo. Consonte con estes presupostos, estas manifestacións artísticas vangardistas expresan ideas dun irracionalismo ben evidente que afunden os seus alicerces na reacción contra o po-



FOTOS: ELI REGUEIRA

geles Country Museum ou *Okkultismus und Avant-garde von Munch bis Mondrian* realizada no Schirn Museum de Frankfurt en 1995.

A partir destes proxectos, fica así claro algo que xa parcialmente era ben coñecido: que a modernidade non se inspirara apenas na técnica e mais a ciencia, senón que tamén se alimentara dun sincretismo espiritualista, un fenómeno que ten os seus alicerces nas reaccións idealistas no pensamento e nas artes de finais do XIX. Á atracción polo esotético previa á ilustración, hai que acrescentar a redescuberta de Oriente, entendido como o outro, o exótico, o lonxincuo. Este aspecto é unha constante na cultura occidental desde o movemento romántico, e ao longo do século XIX adquire caracteres de auténtica obsesión ligada á expansión colonial das potencias europeas, que

# Arte no e Maxia MARCO

Na mostra domina a presenza de artista moi novos, nados nas décadas dos sesenta e, sobre todo, setenta. A exposición reúne preto dunha trintena de pezas, entre fotografías, vídeos, películas, instalacións, pezas escultóricas, e a performance *Feedback - Jack of Many Trades*, do grupo de artistas Ride.1, que se puido contemplar na xornada inaugural. Como complemento das obras en sala, a mostra inclúe unha un-

ha fotografía de Erich Consemüller procedente do arquivo da Bauhaus (no vestíbulo de entrada) e tres películas dos cineastas Maya Deren, Werner

## Novos Artistas

Herzog e Jean Rouch, que están a disposición do público na Biblioteca/Centro de Documentación do MARCO.

É significativo das ligazóns

coa tradición da modernidade que a mostra establece, o feito de que a obra que nos recibe ao chegarmos ao espazo expositivo sexa a escultura *Madame Blavatsky*, (2007), unha obra de Goshka Macuga, que establece, por medio da representación da teósofa, esa continuidade, con doses de ironía e crítica, entre a percepción do máxico de tradición romántico-simbolista e a arte do noso presente.

sitivismo que se detecta na cultura europea desde finais do século XIX de fondo romántico e anti clásico.

A mostra *A grande transformación. Arte e maxia táctica*, que con anterioridade puido contemplarse no Frankfurter Kunstverein en Alemaña e agora podemos ver en Vigo, quere amosar o interese da arte contemporánea máis estritamente actual por fenómenos ligados á espiritualidade e máis á maxia. De todos os xeitos, as obras e proxectos presentados non teñen que ver co 'espiritual', senón máis ben co xeito en que a maxia pode ser empregada como metodoloxía cun potencial crítico que desafia a nosa visión da sociedade e a nosa idea de comunicación. Son artistas que utilizan a maxia de forma "táctica", como o título da mostra suxire, para exploraren os mecanismos de transmisión do coñecemento entre individuos e colectivos.

# Atractivo colorismo

Catro historias terroríficas, *A caixa dos pesadelos*, *Olo co dragón*, *O ogro das malas palabras* e mais *O monstro do espazo*, son as que compila Xerme neste rechamante volume cheo de ilustracións acompañado tamén dunha selección de actividades que contribúen a afianzar a comprensión, aumentar a competencia lingüística de quen le e fan ademais pasar uns instantes divertidos logo dunha animada lectura.

Os autores, Michel Piquemal, Amélie Sarn, Christophe Loupy e Marc Cantin, contan cunha dilatada experiencia no eido da literatura infantil e xuvenil que os fai coñecedores da fascinación que adoitan sentir os máis novos polo mundo destes seres fantásticos. Así, os catro aproveitan este coñecemento para elaborar catro historias sinxelas, cun único fio argumental e sen demasiados personaxes en que o elemento unificador son precisamente dragóns, ogros, monstros, pantasmas etc.

Trátase xa que logo de historias diferentes que recollen tópicos infantís vinculados ao sobrenatural tales como o temor dos rapaces e das rapazas ante estes

## Unha obra divertida

PAULA FERNÁNDEZ



seres; a necesidade dos cativos de converter ao monstro, de facer que abandone a maldade e se transforme nun ser entrañable; a conxunción da ciencia-ficción e os monstros e tamén ese xogo entre os monstros terribles que atemorizan e os que son simpáticos e namoran que crea divertidas secuencias cheas de hu-

mor que conseguen facer menos horripilantes aos protagonistas.

A simplicidade oracional e argumental, á beira da máis que atractiva e moderna profusión ilustrativa e do seu colorismo fai que sexa un libro idóneo para lectoras e lectores de entre cinco e oito anos, quen poden ademais seguir gozando da áura lúdica que impera no texto coas actividades propostas no final, as cales inciden na comprensión –interese presente en todos os relatos patente nos apuntamentos das marxena observación e mais na adquisición e na ampliación de léxico.

Ademais unha obra divertida por todo o que ten de “pseudo-arrepiente” algo que sen dúbida a fai axeitada para as mentes infantís, ás veces moi susceptibles ante a aparición destes personaxes, polo que tras a lectura poderán seguir durmindo tranquilos polas noites a salvo dos protagonistas dos contos.

VV.AA. *Contos de monstros*, Ed. SM/Xerme, Vigo, 2008, 119 páxinas.

# Doses de fantasía

Baixo o formato de narración popular, un cego e vello violinista conta aos presentes, que enchen a praza da vila en época de festas, as andanzas de Wotan, o Demo Negro, e as actuacións que Ricardo Ferreiro levou a cabo para liberar os seus conveciños das temibles gadoupas do Señor do Inframundo e dos seus ferros cadelos.

Recreándose no detalle e cunha importante dose de fantasía, Agustín Agra (Noia, 1966) constrúe una historia na que se conxugan aspectos que tenden ao realismo con aqueloutros que raian a inverosimilitude máis extrema e que fan do relato unha historia con sabor a lenda, capaz de sobrecolle o lector máis atrevido e de sorprenden o máis incrédulo.

O tempo e o espazo cobran un significado especial se falamos en termos de veracidade. Hai centos de séculos as relacións interpersonais eran as mesmas, pero, a miúdo, estaban condicionadas por seres do máis alá que outorgaban beneficios ou castigaban a vontade e dunha ou doutra forma eran venerados ou temidos aceptando case de igual maneira os seus actos e só nalgunha ocasión, facéndolles fronte, atravesaban a fronteira

## Relato con sabor a lenda

MARÍA NAVARRO



entre a vida e a non-vida e posicionábanse nun banzo superior da escada da historia.

O espazo contribúe a crear una atmosfera de densa e tensa vexetación que nos transporta á Gallaecia dos nosos antepasados e que consegue dar resposta a determinadas cuestións que aparentemente están sen descifrar.

A lingua, cuidada e tremendamente elaborada, achégalle á temática o distintivo de autenticidade que fai de *Cazaría salvaxe* una novela que camiña entre dous mundos, tan reais coma fantásticos, onde os personaxes campan as súas anchas e definen uns movementos precisos e enérxicos que nos transportan ao máis alá e nos devolven á realidade nunha mesma escena.

Así, temática, tempo, espazo e lingua alíanse para establecer entre texto e lector una relación de amor/odio, de proximidade/afastamento, de perdón/vinganza que posibilita a fusión e consolidación dun universo literario rico e animado.

AGRA, Agustín, *Cazaría salvaxe*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 102 páxinas.

## ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

### Os celtas da Península Ibérica

Manuel Alberro/Carlos Jordán Cólera

Editorial Toxosoutos. 380 páxinas

Os testemuños acerca dos celtas aparecen por primeira vez nos escritos de historiadores gregos como Hecateo de Mileto e Herodoto, que menciona aos celtas nas súas Historias. Varios clásicos gregos e romanos posteriores continuaron describindo ou referíndose aos celtas. Nesta obra describíense todos os coñecemen-

tos actuais acerca dos celtas na Península Ibérica. Ademais, Alberro presenta as semellanzas culturais atopadas entre os celtas peninsulares, especialmente do Noroeste e os das Illas Británicas. A segunda parte stá a cargo de Carlos Jordán, un dos lingüistas máis distinguidos no estudo do idioma celtíbero ou Hispano-Céltico.




### Proxecto Bolboreta

Andrea Maceiras

Edicións Xerais. 114 páxinas

Hadrián Barcés, matemático e gran soñador, decide realizar unha viaxe dende Pequín a Nova York coa intención de comprobar a veracidade do conxunto de teorías coñecidas como “Efecto Bolboreta”, acuñadas por científicos como James Gleick e Edward Lorenz a partir do proverbio chinés: “o ba-

ter das ás dunha bolboreta pódese sentir ao outro lado do mundo”. Hadrián recollerá no seu diario as detalladas anotacións desta aventura científica e solitaria polo mundo enteiro na que conseguirá resolver algunhas das súas incógnitas, sufrirá penurias e vivirá acontecementos inesperados.



### Terra Libre

Fran Jaraba

Edicións Xerais. 56 páxinas

Cuba, 1897. A illa vive sumida nunha crúa guerra entre as tropas independentistas -os “mambises”- e o exército colonial. A poboación campesiña sofre especialmente o conflito. Por orde do mando militar español é desaloxada das súas casas e evacuadas ás cidades ou internadas nos chamados

“poboados de reconcentración”. Un destes poboados, Cañas Largas, é clave para que Chinito, un líder mambí, consiga liberar un amplo territorio e proclamar a República independente cubana. *Terra Libre* é a terceira entrega das aventuras de Maxi Torres, tras *Campos de Cuba* e *Cita na Habana*.



### Sobre os contos de Cortázar

Edición de Soledad Pérez-Abadín

Editorial Toxosoutos. 404 páxinas

Este volume ofrece unha visión múltiple dalgúns dos máis importantes relatos de Cortázar, sometidos a enfoques variados, que teñen como fio conductor a exploración dun universo fantástico rexido por leis alleas á lóxica, que cuestionan os principios da identidade, as relacións espaciotemporais e a linguaxe literaria con-

vencional. Cronotopías, metamorfoses, xogos, fantasía, perspectiva narrativa, dimensión artística e intelectual e signos acaparan o interese dos diferentes estudos, nos que cada crítico, oficiando como lector cómplice, recrea o conto con novidosas propostas interpretativas. A adaptación lingüística é de Carlos Arias Iglesias.



# Industria musical

Na procura da renovación

✻ CARLOS BARREIRO



Dun tempo a esta parte, a industria da música e Internet manteñen unha relación tormentosa, marcada polo desentendemento e, por outra banda, pola obriga de ter que desenvolver proxectos en común. A Rede e a cultura dixital construíron un novo campo de xogo para os editores de música. As grandes discográficas non conseguiron afacerse ás novas regras; parece que o seu papel como intermediarios entre o artista e o público está condenado a esmorecer. Só manteñen un anaco de pastel: aínda posúen os dereitos de moitos álbums clásicos; xa se sabe que a nostalxia sempre vende. Agora dedican todos os seus folgos a desenrolar mercados paralelos nos que a música non é protagonista pero tamén pode reportar beneficios, coma o dos videoxogos. Mentres se producen

todos este movementos, o acceso á música cada vez é máis sinxelo e hai un novo público, con outros hábitos de consumo pero con máis cultura que antes. Aquí van catro feitos que nos falan das grandes mutacións que está vivindo a industria:

O pasado mes de abril, a BBC estreaba a primeira lista de éxitos social do mundo, BBC Sound Index. Utilizando un método de computación creado por IBM, esta páxina web elabora unha lista dos artistas máis populares en Internet. A súa fonte, ademais das

páxinas musicais, son as redes sociais, as radios on-line e os blogs. Por primeira vez os fenómenos que se propagan pola Rede de forma viral, sen necesidade do amparo dun selo, pódense medir. A música xa non está baixo o control do márketing das disco-

gráficas e xorde un novo tipo de listas de éxitos que o demostra. É o recoñecemento oficial e definitivo de que hai outras canles de distribución.

A industria perde ferramentas para atraer ao público pero desenvolve outras. Dende o ano pasado fálase da tendencia de gravar os discos a máis volume do normal. Se comparáramos dúas gráficas dunha mesma canción, unha gravada con este método e outra non, veríamos que a que ten máis volume debuxa menos picos. Isto tradúcese nun son que gaña en impacto pero sen matices e dinamismo; pensado para escoitar en aparellos como os reprodutores de mp3. Para protestar contra isto botou a andar unha asociación de profesionais do son, Turned Me Up. Entre os casos recentes de discos gravados con esta técnica podemos citar o último traballo de Metallica.

Internet eliminou intermediarios e a evolución da tecnoloxía abaratóu os custes de produción. Pero estes movementos tamén afectan ao valor da música, que cada vez se aproxima máis a cero. Hai máis oferta e é moi sinxelo ter acceso a ela, polo que perde valor. É a severidade da lei da oferta e a demanda. Na era da información págase pola canle de distribución e polo aparello que nos dá acceso a canle, pero o contido tende a devaluación. A música agora está no punto de mira de empresas proveedoras de conexión a Internet, telefonía móbil ou dos fabricantes de ordenadores e reprodutores de mp3. O control do mercado da venda de cancións on-line é un pulso entre Nokia e Apple, coas discográficas como convidados de pedra. Buscan dinamizar as vendas dos aparellos que fabrican ofrecendo música como un servizo máis.

Ofrecer un produto gratis para xerar demanda non é unha estratexia nova, pero hoxe a música está a poñer en práctica máis que calquera outro sector. Redes sociais como Lastfm ou Myspace, nas que se pode escoitar música totalmente gratis, confirman isto. Dende a revista especializada en tecnoloxía *Wired* bautizaron estas estratexias como "Freeconomics". Á marxe destes espazos en Internet, os propios grupos están optando por ofrecer a súa música en libre descarga, como fixeron Radiohead ou Nine Inch Nails. Aínda que falamos de música gratis, o termo non é preciso. A cambio do disco eles reciben datos persoais, que van engordar as súas listas de contactos. Hai empresas como Topspin que traballan para facer rendible ao máximo a presenza dos grupos en Internet; utilizan esas listas de contactos para vender música, camisolas e outros produtos relacionados co artista.

Case vinte anos despois da súa derradeira actuación, Fuxan os Ventos volven para pechar a programación do ciclo Sons da Diversidade. Dous concertos en Santiago, o 18 e 19 de outubro, nos que presentarán un espectáculo cun formato especial baixo o título *Terra de Soños*. Na montaxe participan, entre outros, Rodrigo Romani, Nova Galega de Danza, Guadi Galego, Uxía, Mercedes Peón e unha banda dirixida por Xosé Lois Romero, que tamén se encargou de facer os arranxos. O grupo é unha das pezas clave para entender a música tradicional galega, pero ademais as súas cancións quedaron cravadas na mentali-

## A volta de Fuxan os Ventos

dade popular de varias xeracións, que aínda hoxe recordan temas como "Sementeira" e "A Carolina". Fuxan os Ventos comezaron a súa andaina a comezos dos setenta, nos derradeiros anos do franquismo. Ademais do seu compromiso co uso do galego e a defensa da música tradicional, destacaron polo súa conciencia social, aínda que pouco a pouco foron deixando de lado estes temas. O seu último traballo publicado até o momento foi *Sempre e mais despois*. Estes dous concertos servirán para dar forma a un cd-dvd e libro que editarán o ano que ven co mesmo título da montaxe.